



Héctor Barros (Monforte de Lemos, 1980) é debuxante e ilustrador. Despois dun breve paso pola Facultade de Belas Artes e a Escola Antonio Failde, continuou coa formación de forma independente e autodidacta, especializándose no ámbito dixital. No campo da banda deseñada publicou a historia corta *Male Manet* (debuxo, tinta, cor - Revista BOOM) e colaborou con Diábolo Editorial como colorista (*La Conjetura de Poincaré*). Ten pendente de publicación un manual de Debuxo en Perspectiva. Parte dos seus traballos pódese ver en <www.flickr.com/snibbits>